

NOME DA ACTIVIDADE

➤ **PERSONAXES**

TIPO DE ACTIVIDADE

➤ **ACTIVIDADE DE CONTIDOS SOCIOLINGÜÍSTICOS**

NIVEL

➤ **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

➤ **INDIVIDUAL E EN GRUPO**

DURACIÓN

➤ **MÁIS DE 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Prexuízos e estereotipos lingüísticos.
- Actitudes lingüísticas atendendo a factores como a idade, a procedencia, a profesión, etc.
- Diálogo e debate.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado reflexione sobre os prexuízos máis estendidos que existen sobre o galego e sobre actitudes e estereotipos, a partir da interpretación de personaxes e da observación desas interpretacións.
- Que o alumnado interactúe entre si, por medio de diálogos e interpretando personaxes.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS A TER EN CONTA

- Pódense utilizar as tarxetas propostas nesta ficha ou calquera outra que o/a docente considere oportuna para o grupo co que traballa.
- No debate final o/a docente debe estar atento/a para introducir cuestións que os/as participantes non introduzan.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A cada alumno débeselle adxudicar unha das tarxetas nas que se dan uns datos dun personaxe determinado (nome, idade, lugar de nacemento, estudos e profesión). Durante uns de 5 min deben ler a tarxeta e imaxinar o personaxe que nela se describe (como se comporta, como fala, como se expresa, como pensa, etc.).

Posteriormente distribúense os e as participantes en parellas, que deberán elaborar un diálogo duns 5 min sobre calquera tema que eles queiran ou sobre un concreto que o docente lles indique. No diálogo os participantes deberán interpretar sempre o rol do personaxe que lles tocou na tarxeta.

Pódense deixar uns 10 min, aproximadamente, para que as parellas elaboren e preparen o diálogo.

Finalmente, en gran grupo comentaranse as actitudes de cada un dos personaxes, os seus usos lingüísticos, prexuízos que se poden extraer das súas actitudes con respecto á lingua, razóns que levaron a interpretar dese xeito ese personaxe cos datos que se deron, etc.

MATERIAIS PARA A FICHA

TARXETAS DE PERSONAXES

Personaxe 1

Nome: Susana.

Idade: 26 anos.

Lugar de nacemento: Vigo.

Estudos: diplomada en Empresariais.

Profesión: caixeira na sección de cosmética dun centro comercial.

Personaxe 2

Nome: Manuel.

Idade: 55 anos.

Lugar de nacemento: A Baña.

Estudos: primarios.

Profesión: gandeiro.

Personaxe 3

Nome: Vanessa.

Idade: 17 anos.

Lugar de nacemento: A Coruña.

Profesión: estudante de 2º de Bacharelato.

Personaxe 4

Nome: Paulo.

Idade: 20 anos.

Lugar de nacemento: Ribeira.

Profesión: estudante de Maxisterio.

Personaxe 5

Nome: Nicolás.

Idade: 30 anos.

Lugar de nacemento: Ferrol.

Estudos: licenciado en Dereito.

Profesión: avogado.

Personaxe 6

Nome: Pedro.

Idade: 30 anos.

Lugar de nacemento: Ferrol.

Estudos: licenciado en Dereito.

Profesión: avogado de oficio.

Personaxe 7

Nome: Sor M^a Concepción.

Idade: 45 anos.

Lugar de nacemento: Arzúa.

Estudos: licenciada en Teoloxía.

Profesión: monxa.

Personaxe 8

Nome: Zacarías.

Idade: 38 anos.

Lugar de nacemento: Uruguai.

Estudos: licenciado en Económicas.

Profesión: profesor de matemáticas nunha academia.

Personaxe 9

Nome: Carme.

Idade: 45 anos.

Lugar de nacemento: Laxe.

Estudos: primarios.

Profesión: mariscadora.

Personaxe 10

Nome: María.

Idade: 45 anos.

Lugar de nacemento: Vigo.

Estudos: licenciada en Bioloxía.

Profesión: ama de casa.